

A historia non absolve

Unha autobiografía ficticia de Fidel Castro

JOAQUIM VENTURA

Moitas son as obras que ata agora trataron, con máis ou menos profundidade, a figura do comandante en xefe da Revolución Cubana, Fidel Castro Ruz. Incluso en forma de novela como a que en 2007 publicou Amir Valle, *Las palabras y los muertos*, na cal un suposto gardacostas repasaba a vida do ditador cubano unha vez este morto. Reflexións que foron confesións reais cando o ano pasado Juan Reinaldo Sánchez, sombra de Fidel entre 1977 e 1994 e recentemente desaparecido no seu exilio da Florida, publicou *La cara oculta de Fidel Castro*.

Será por ese axioma popular que sostén que a can fraco todo se lle volven pulgas, que agora que o dirixente cubano está a vivir o seu solpor, doente, algúns daqueles que estiveron ao seu carón tiran da caixa das sorpresas as confidencias que posuían. Un exemplo recente é *La autobiografía de Fidel Castro* (Stella Maris), de Norberto Fuentes, escritor e xornalista que foi amigo íntimo do mandatario e colaborador nos servizos secretos da illa caribeña e, desde hai uns anos, residente nos Estados Unidos.

Funes foi amigo íntimo do mandatario cubano

Fuentes organiza esta autobiografía ficticia desde o ego de Fidel, literariamente e psiquicamente, matizando os diversos sucesos que protagonizou e padeceu desde a propia subxectividade. Se temos en conta a lonxevidade política de Castro –só superada pola raíña de Inglaterra, pero sen necesidade de vixiar conspiracións–, moitas serían as historias a contar. Sen embargo, Fuentes limita a análise ata a morte de Ernesto

Che Guevara en 1967, con breves excursos á intervención cubana en Angola e algunhas anécdotas vividas con Gaddafi ou durante o chamado “Período especial”, cando o colapso da URSS en 1991 e o agravamento do embargo en 1992 levaron a Cuba a encarar a autarquía.

Pero Fuentes, cando fai falar a Fidel Castro, define

con precisa crueldade as súas fobias e mais as súas neuras. Desde a admiración que os xesuítas lle inoculáron por Franco e José Antonio Primo de Rivera nos seus anos xuvenís ata o convencemento que carácter e convicción aseguran o éxito na terra e mais a salvación no ceo. Calidades que Fidel aplicou desde as súas primeiras accións po-

líticas e militares.

Un ego, o de Fidel Castro, que excede con creces o que, en proporción á súa estatura, lle podería corresponder. Un ego que o levou a considerarse, como lle sucedía a Luís XIV co Estado, que a Revolución era el. En consecuencia, consideraba que calquera ataque ou relaxo contra esta, tiñan como destino a súa persoa. Esta prevención constante e un carácter astuto e asema de cinico son os perpiños da súa supervivencia política.

O relato conclúe coa morte de Ernesto “Che” Guevara en 1967

Un cinismo expresado en moitas manifestacións. Unha delas, a desconfianza cara ao Che Guevara xa desde antes da aventura do barco *Gramma* que iniciou a revolución en 1956. Unha desconfianza que seguiu despois do triunfo en 1959 e que provocou un primei-

ro afastamento cando o enviou ao oriente da illa e despois ao Congo, Checoslovaquia e a unha morte certa a Bolivia. Un final escrito grazas aos avisos enviados á CIA e pola complicidade –segundo a narración de Fuentes– do ministro boliviano do Interior. Morto o Che, as súas teimas quedaron disimuladas pola mitificación do guerrilleiro arxentino, incluída a célebre foto de Korda.

Estamos, pois, diante dun relato que vai prender o lector pola habelencia da narración que, frecuentemente, mestura as dificultades vividas por Fidel con reflexións cotiás sobre pulsións sexuais, desprezo cara a moitos colaboradores ou teimas contra conspiradores propios ou alleos. Un cinismo capaz de propoñerlle a un axente da CIA infiltrado en Sierra Maestra que, unha vez descuberto, traballase para descubrir se había comunistas no Movemento 26 de Xullo.



Manifestación nas rúas d'A Habana, a fins dos anos 70.



Fidel e Raúl Castro.

O irmán

Cando falamos de castrismo adoitamos referirnos ao réxime imperante en Cuba desde 1959 pero collendo a denominación do apelido de Fidel Castro, posuidor dos principais cargos institucionais, políticos e militares naquel país. Sen embargo, Fidel (ese Fidel ficticio da autobiografía de Fuentes) reconece a decisiva participación na Revolución do seu irmán menor, Raúl, especialmente no ámbito militar.

O persoeiro que agora vai fatado e con garavata e que exerceu de anfitrión estes días pasados do papa Francisco –como meses

atrás negociou con Obama a restauración de relacións diplomáticas– era xa un comunista convencido antes da expedición do *Gramma*. Desde o inicio da guerrilla en Sierra Maestra levou sempre uniforme ata que substituíu ao seu irmán Fidel como Presidente do Consello de Estado.

Sempre en voluntario segundo plano (relativo), moitas foron as veces nas que tivo que ser freado polo seu irmán para non cometer

excesos contra adversarios e disidentes: Raúl sempre tiña a punto o disparo.

Tal vez por esa frialdade, nunca cultivou –en público polo menos– amizades con intelectuais ou artistas. E acaso vez por iso mesmo, non tivo unha biografía ata ben pouco. Trátase dun relato oficial, escrito polo seu amigo Nikolai Leónov e publicada en español este pasado xuño na Habana. Mais queda por escribir, iso si, esoutra verdadeira, e ben interesante, crónica que nos presente de veras como vén ser o irmán máis novo de Fidel.